

O galego como lingua vehicular no ensino universitario: problemas e resultados

.....
Carme Silva Domínguez

1 ► Presentación.

Propósito do traballo

O presente traballo tenta ser unha aproximación, máis ca ós usos lingüísticos reais, ós potenciais comportamentos lingüísticos, dun sector do alumnado da Universidade de Santiago de Compostela, e máis en concreto do Campus de Lugo: a facultade de Humanidades e a Escola Politécnica Superior. En primeiro lugar habería, xa que logo, que efectuar unha corrección sobre o título global do traballo, que parece facer supoñer unha amplitude no estudio que non se corresponde coa realidade: non imos explorar toda a Universidade, senón un sector moi concreto do seu alumnado¹, e máis que descubri-los usos lingüísticos reais pretendemos coñecer as súas potencialidades.

O traballo xurdiu dunha experiencia persoal bifurcada en dúas. En primeiro lugar, todos ou case todos escoitamos ós nosos compañeiros docentes da Universidade xustificar, nalgunha ocasión, a non uti-

lización do galego como lingua vehicular da docencia en función das queixas do alumnado, que non aceptaría de bo grao, segundo eles, esta opción. En segundo termo, e xa dentro da nosa experiencia persoal, o noso traballo na materia Lingüística I, na Facultade de Humanidades de Lugo, durante o curso 1994-95, permitiunos observar unha progresiva aceptación por parte dos nosos alumnos da lingua vehicular na que nós impartímo-la docencia e elaborámo-los exames, aceptación que se viu reflectida no constante aumento do número de alumnos que contestaron as preguntas dos mesmos en galego. No exame final, este número estaba próximo ó 80% do alumnado.

Daquela, e vendo estes datos case que contradictorios, decidimos indagar máis na potencial aceptación do galego como lingua vehicular do ensino por parte dos nosos alumnos. Para darlles ós datos unha maior veracidade, pareceunos interesante contrastalos cos procedentes doutro centro universitario certamente diferente ó noso, a Escola Politécnica Superior de Lugo². Queríamos escoller alumnos de materias que

169

.....
¹. Durante a preparación do presente traballo para a publicación, tivemos noticia de que o Instituto da Lingua Galega estaba a realizar un estudio moito máis amplo sobre os usos lingüísticos na Universidade, co que teríamos que confronta-los nosos datos.

². Desde aquí queremos agradecer a colaboración dos profesores Ramón Martínez Gómez e Antonio Pardiñas García, que imparten a materia de Topografía na devandita escola, e que amablemente se prestaron a pasar nas súas aulas o cuestionario elaborado por nós.

xa hoxe se imparten en galego, como a nosa, para ver, diante desta práctica docente xa consumada, cómo se valora por parte do alumnado dos distintos centros a presenza desta lingua como vehicular no proceso de ensino. Non empregamos, á hora de elabora-la enquisa, máis ca técnicas estatísticas elementais, en consonancia co carácter simplemente aproximativo co que pensabamos interpreta-los datos obtidos.

2 ► A enquisa

Como instrumento de obtención de datos, elaboramos unha enquisa que foi cumprimentada no mes de maio de 1995 por 191 alumnos de 1º e 2º cursos da Escola Politécnica Superior de Lugo, da materia Topografía; 28 da materia Lingüística I da licenciatura en Filoloxía Hispánica da Facultade de Humanidades de Lugo; e 20 de 3º curso, da materia Introducción á Lingüística da licenciatura en Filoloxía Xermánica da devandita facultade³. Todos eles eran, xa que logo, alumnos de primeiro ciclo, para os que se pode supoñer que a maior parte estaría nunha banda de idade entre 18 e 21 anos. Non temos datos acerca da porcentaxe de matrícula que representan os alumnos da Politécnica, pero supoñemos que os enquisados non chegan ó 50% dos matriculados nestes cursos. Para Filoloxía Hispánica, a porcentaxe de alumnos enquisados foi do 43,48%, e para Xermánicas do 80% do total. Velaquí o texto que recibiron e cumprimentaron os alumnos:

ENQUISA SOBRE ACTITUDES LINGÜÍSTICAS

1. Ambito de orixe do alumno

- Rural
- Vila
- Urbano 1 (Vigo, A Coruña)
- Urbano 2 (Lugo, Ourense, ...)
- Fóra de Galicia

2. Lingua habitual do alumno:

- Galego
- Castelán
- As dúas

3. Sexo do alumno

- F
- M

4. Escolle unha destas tres opcións:

- O feito de que o profesor dea as clases en galego impídeme seguir convenientemente a explicación.
- Éme indiferente a lingua en que o profesor dea as clases. Podo seguilo ben nas dúas.
- Prefiro que o profesor dea as clases en galego, porque así entendo mellor os contidos.

5. No caso de que faga-los exames en galego, escolle unha destas tres opcións:

- Fago os exames en galego porque, ó segui-las explicacións nesta lingua, resúltame máis fácil e non teño que traduci-los apuntamentos.
- Fago os exames en galego porque me desenvolvo ben nesta lingua e sei que o profesor mira máis favorablemente os exames escritos en galego.
- Fago os exames en galego porque esta é a miña lingua normal de comunicación e nisto, casualmente, coincido co profesor (faríaos aínda que el dese as clases en castelán).

6. No caso de que faga-los exames en castelán, escolle unha destas tres opcións:

- Fago os exames en castelán porque me resulta máis fácil estudar nesta lingua.
- Fago os exames en castelán porque sei que o profesor non os cualificará de forma diferente ós que estean escritos en galego.
- Fago os exames en castelán para reivindicar-lo meu dereito a escoller unha das linguas da Comunidade como propia.

7. Escolle unha destas tres opcións:

- Paréceme ben a creación dunha terminoloxía científica en galego, porque así reforzámo-la súa autonomía fronte ó castelán.
- A duplicación de termos científicos (en galego e en castelán) paréceme absurda, dado que nos esixe un esforzo dobre de memorización.
- Resúltame indiferente a creación de termos científicos propios para o galego.

8. Escolle unha destas tres opcións:

- Creo que debería aumenta-lo número de profe-

³ Neste último caso, os alumnos representan un resto do antigo Colexio Universitario, no que había tres anos desta licenciatura. No curso seguinte xa non se impartiu ningún ano da mesma en Lugo.

sores que desen as clases en galego, porque na actualidade son minoría e isto beneficia os castelán-falantes.

-Sería irreal desexar un aumento dos profesores que imparten clase en galego, porque non se correspondería coa realidade social.

-Non me parece excesivamente importante a lingua en que me dean as clases.

9. Escolle unha destas catro afirmacións:

-O feito de que todo o papeleo relacionado coa Universidade (instancias, matrícula, nomes das materias, etc.) estea en galego dificulta a miña comprensión do mesmo.

-Paréceme ben que a burocracia universitaria sexa monolingüe, pois favorece a lingua máis débil.

-Non me afecta para nada a lingua en que veñan os papeis nos que me relaciono coa Universidade.

-Creo que o monolingüismo universitario prexudica os castelán-falantes e, sobre todo, a xente que vén estudar a Lugo desde fóra de Galicia.

10. Escolle unha destas tres afirmacións:

-Os castelán-falantes están discriminados en Galicia, porque se lles está impondo artificialmente unha lingua que non queren nin necesitan.

-Os galego-falantes están discriminados en Galicia, porque cando empregan a súa lingua a xente tende a minusvaloralos.

-Hoxe por hoxe non hai discriminación lingüística de ningún tipo en Galicia.

11. Escolle unha destas afirmacións:

-Na miña futura vida profesional, o feito de saber falar galego vaime ser moi útil.

-Non creo que o galego me sirva de nada na miña vida profesional, porque a poderei desenvolver perfectamente en castelán.

-Se ben considero bo o saber falar galego para traballar en Galicia, non é nin indispensable nin esixible.

Como se pode observar, a enquisa consta de once preguntas con respostas pechadas. As tres primeiras intentan indagar acerca da orixe persoal e social do alumno. As tres seguintes (4,5 e 6) así como a 8 exploran a opinión dos alumnos acerca da docencia en galego, e tamén os seus propios usos lingüísticos nos exames. As preguntas 7, 9, 10 e 11 intentan indaga-la opinión dos estudantes acerca de diversos aspectos relacionados coa normalización lingüística e coa realidade lingüística de Galicia, tales como a dis-

criminação de colectivos de falantes, a galeguización da burocracia universitaria e a utilidade do galego na súa previsible vida profesional.

3 > Datos acerca da orixe social e persoal do alumno

Para a exploración desta importante cuestión, indagamos acerca do ámbito de orixe do alumno, a súa lingua habitual e o seu sexo.

Tanto en Filoloxía Hispánica (46,2%) como na Politécnica (36,6%) o número de alumnos procedentes do contorno estritamente rural é bastante superior ó que presenta Filoloxía Xermánica (20%). Se a isto sumámo-lo número de alumnos de vila da Politécnica (23,9%) e de Filoloxía Hispánica (3,6%), entendendo que este ámbito ten unha maior vinculación co mundo rural que calquera urbano, veremos que na porcentaxe de rapaces vinculados co sector primario é maioritaria nestes dous ámbitos formativos. Este feito descóbrenlo carácter atípico do campus de Lugo, e en concreto destas especialidades: os estudos que se imparten na Politécnica, pola súa raíz agraria, previsiblemente están vencellados con este ámbito na orixe das persoas que demandan esta formación. Por outra banda, e en relación a Filoloxía Hispánica, a presenza desta licenciatura en practicamente tódolos campus de Galicia fai que a maior parte dos alumnos de Lugo procedan da cidade e tamén do seu contorno rural e vilego.

Cómpre tamén, e na mesma liña, destaca-la baixa porcentaxe de alumnos procedentes doutras áreas urbanas de Galicia, como A Coruña ou Vigo, na Politécnica (10,8%) e nas Filoloxías (3,8% en Hispánicas e 5% en Xermánicas), o que pode xustificarse en función dos factores mencionados antes: multiplicación dos estudos de Filoloxía, presentes en case tódalas cidades de Galicia, e vinculación dos estudos impartidos na Politécnica co mundo rural.

Como cuestión pertinente só na Escola Politécnica, destacarémo-la presenza de case un 10% de alumnos procedentes de fóra de Galicia, probablemente das Comunidades Autónomas de arredor, nas que non existen os estudos que aquí se imparten. O número é relativamente baixo e sería asumible, cremos, a posibilidade de darlles un trato diferenciado ou específico.

En canto á lingua habitual que confesa o alumnado, de novo, observamos como van parellos os datos da Escola Politécnica e os de Filoloxía Hispánica: no primeiro centro, confesan ter como habitual o galego un 36,6%, cifra que no caso de Hispánicas se eleva ata o 48,1%. O castelán é habitual para, na Politécnica, un 42,3%, e en Hispánicas para un 37%. A porcentaxe de alumnos que confesa ser bilingüe no ámbito da lingua habitual é do 21,1% na Politécnica e do 14,8% en Hispánicas. Filoloxía Xermánica amosa unha situación diferente e, a un tempo, menos proclive ó galego: só un 10% ten como lingua habitual o galego, fronte a un 65% que confesa falar habitualmente en castelán. O bilingüismo redúcese a un 25% do total de alumnos.

172 Con respecto á relación entre lingua e sexo, só foi obxecto de estudo diferenciado na Escola Politécnica, dado que era o único centro cun número de alumnado o suficientemente importante como para que os resultados por sexos fosen significativos. En efecto, neste sector de estudos a presenza feminina elévase a un 33% do total de alumnos. Da enquisa despréndese unha importante variación nos usos lingüísticos de homes e mulleres. Así, os primeiros confesan que teñen como lingua vehicular maioritaria o galego, e se sumámo-la porcentaxe desta (42,7%) coa de rapaces que se confesan bilingües nos seus usos (20,9%), o total ascende a máis do 60% do número de alumnos enquisados. Pola contra, nas mulleres a opción polo castelán (54,4%) duplica longamente á do galego (23,9%). Por iso, e pesar de que os estudos de sociolingüística galega afirman xeralmente que non se detectan diferencias no uso e na valoración da lingua por sexos, parece que en realidade si existen, ou polo menos algunhas poden agromar en traballos máis específicos. Así, segundo os datos da nosa enquisa, as mulleres amósanse máis refractarias a falaren en galego, quizais polo forte desprestixio e polas connotacións que aínda soportan os falantes da lingua.

Como conclusión xeral, indicaremos que as especialidades estudadas do campus de Lugo amosan unha situación de partida positiva para o desenvolvemento da actividade académica en galego, dado que esta é a lingua vehicular dunha porcentaxe elevada, cando non da maioría, dos estudantes. Se ós que confesan que teñen o galego como lingua normal de comunicación lles sumámo-los que se consideran bilingües, vemos que en teoría non debera haber difi-

cultade ningunha para a integración do galego no currículum universitario.

4 ► Datos acerca da utilización do Galego como lingua vehicular no ensino universitario

A primeira pregunta que propuxemos tiña que ver coa valoración que os estudantes teñen acerca da docencia en galego. Non esquezamos que eles poden ter formada unha opinión real desta docencia, dado que tódolos profesores que lles pasámo-la enquisa dámo-las clases nesta lingua. Non é, xa que logo, unha cuestión teórica en absoluto. Neste caso, observamos que a maior parte do alumnado -entre un 75 e un 80%- confesa que lle é indiferente a lingua en que o profesor imparta as clases. As porcentaxes de rexeitamento deste uso docente sitúanse nos tres casos arredor do 15%. A única novidade é a presenza, na Escola Politécnica, dun 12% de alumnos que confesan preferir a docencia en galego, cando esta opción é residual en Filoloxía Hispánica e inexistente en Filoloxía Xermánica. Valoramos como máis problemático o outro 15% de alumnos negativos, pero pensamos que as obxeccións que estes propoñen, se son realmente debidas a problemas de comprensión e non a prexuízos, poderían ser solucionadas nas horas de titorías, cun esforzo adicional por parte do profesorado e tamén do alumnado.

Situamos aquí a análise dos datos da pregunta 8, na que se pide ós alumnos opinión acerca da posibilidade de que ó galego aumente como lingua vehicular no ensino universitario. Observamos que en xeral a cuestión non preocupa á maior parte do alumnado, dado que as porcentaxes de indiferencia con respecto a ela rozan o 50% en tódolos casos. Son elevadas -arredor dun 20%- as opinións contrarias a este aumento, aínda que tamén habería que destaca-la sorprendente presenza dun 40% de alumnos da Politécnica e de Filoloxía Hispánica que demandan que aumente o número de profesores que imparten as súas clases en galego. A valoración global é positiva, dado que parece que a maior parte do alumnado non se opoñería a este cambio.

Con respecto ós usos lingüísticos académicos efectivos do alumnado, considerámo-la lingua nos exames como indicio dos mesmos. En termos globais

e de maneira bastante homoxénea para os tres ámbitos de estudo, parece que hai arredor dun 60% dos alumnos enquisados que realizan os exames das materias enquisadas en galego. Subliñamos isto porque os resultados non serían de seguro semellantes se investigámo-la lingua en que realizan os exames na maior parte das materias, nas que as clases se imparten en castelán. Así e todo, parécenos importante destacar a elevada resposta que se produce por parte dos alumnos cando as clases se dan en galego.

Tentando indagar un pouco máis acerca das causas deste comportamento lingüístico, preguntámo-lles ós alumnos as causas da súa opción, en cada caso. Así, para aqueles que confesaron face-los exames en galego, observamos que a razón principal é que encontran máis doada esta práctica lingüística, cando o profesor dá as clases nesta lingua tamén (54,8% na Politécnica, 75% en Filoloxía Hispánica e 94,6% en Filoloxía Xermánica). A confesión de que consideran que simpatizarán máis co profesor da materia se fan os exames en galego só aparece na Politécnica (8,3%) e en Filoloxía Xermánica (5,2%), e é un indicio das complexas, e non sempre doadas, relacións entre alumno e profesor. Hai que destacar, así mesmo, e como dato moi favorable, a presenza na Politécnica de case un 40% de alumnos que afirman que fan os exames en galego como opción persoal, opción que entendemos se estende a profesores doutras materias que non imparten a súa docencia en galego.

No caso dos alumnos que afirman face-los exames en castelán, parece claro que o maior contacto co castelán como lingua do ensino ó longo dos seus anos de estudo motiva a opción por esta lingua na maior parte dos alumnos (91,1% na Politécnica, 81,8% en Filoloxía Hispánica e 66,7% en Filoloxía Xermánica). Os rapaces afirmanse como seguros da súa escasa competencia á hora de producir textos correctos e coherentes en galego, e optan pola maior firmeza ortográfica e expresiva que teñen en castelán. Desde logo, non é este un problema irresoluble, e parece indicalo fracaso da docencia de lingua galega en niveis inferiores de ensino, dado que non foi capaz de crear un sólido dominio do rexistro formal. Cómpre destacar tamén as relativamente elevadas porcentaxes de temor cara á parcialidade do profesor cando se fan os exames en galego sen que esta sexa a lingua na que se desenvolve a docencia, especialmente significativas no caso das Filoloxías Hispánica (18,2%) e Xermánica (22,2%). Por último, temos entre un 7,1% (na

Politécnica) e un 11,1% (en Filoloxía Xermánica) de alumnos que escollen esta lingua como opción persoal, e que poderíamos catalogar, por causa disto, como “irreductibles”. Sen embargo, trátase dunha porcentaxe significativamente inferior ó 15% de alumnos que escollen o galego por estas mesmas razóns, polo que o balance final é positivo. En Filoloxía Hispánica non se rexistrou en ningún caso esta resposta.

Como conclusión a esta parte, cómpre subliñar que o alumnado non rexeita en absoluto de maneira frontal o emprego do galego como lingua de comunicación escrita en textos tan comprometidos como os exames, demanda mesmo unha maior presenza da lingua da docencia e desvela actitudes negativas fronte a esta práctica en casos moi puntuais e en porcentaxes baixas, vehiculables a través de reforzos tales como as sesións de tutoría. Mesmo no caso daqueles alumnos que utilizan o castelán como lingua nos exames, a maior porcentaxe corresponde a aqueles que están inseguros con respecto ó seu nivel de lingua, e só residualmente confesan dificultades adicionais relacionadas con esta práctica docente. Os resultados son, daquela, moderadamente positivos.

173

5 ► Datos acerca doutras cuestións relacionadas coa normalización lingüística

Aínda que a finalidade do presente traballo era, como se indicou anteriormente, comproba-la valoración de determinados usos lingüísticos académicos, pareceunos axeitada a introducción, na enquisa da que extraémo-los datos, dalgunhas preguntas que tivesen relación co proceso de extensión de usos do galego, e coas consecuencias, en diversos ámbitos, que este suporía.

En primeiro lugar, introducimos unha pregunta que tiña relación cunha cuestión que afecta notoriamente á docencia e á investigación universitarias: a necesidade ou non dunha terminoloxía científica propia, diferenciada da do castelán. A distribución das opinións de novo aparece moi paralela nos tres centros. En xeral, entre un 50 e un 65% dos alumnos consideran positiva a liña diferencialista na construción dunha terminoloxía científica para o galego. A segunda opción máis escollida é a da indiferencia, pola que opta como máximo o 25% do alumnado. En último

termo, e con similares porcentaxes a estas últimas, sitúase a valoración negativa con respecto a esta cuestión. Como se observa, os resultados son amplamente positivos en termos globais.

Outra cuestión relacionada coa normalización lingüística e á que necesariamente se ten que enfrontar todo membro da comunidade universitaria é a galeguización plena dos impresos que esta utiliza para relacionarse con tódolos seus membros. Neste caso, se ben os resultados son globalmente positivos -dado que os alumnos non confesan sentir dificultades por esta cuestión máis ca nunha porcentaxe moi pequena (7,2% na Politécnica, 3,7% en Filoloxía Hispánica, resposta non escollida en Filoloxía Xermánica)- cómpre destaca-la elevada porcentaxe de persoas que son sensibles ás circunstancias do alumnado procedente de fóra de Galicia (arredor dun 25% en Filoloxía Hispánica e na Politécnica, 45% en Filoloxía Xermánica). Trátase, como xa mencionamos noutro momento, dunha circunstancia moi precisa e característica do campus de Lugo, e en concreto de certas especialidades moi vinculadas coa Escola Politécnica Superior -e tamén con Veterinaria- e que atraen un número relativamente elevado de alumnos procedentes das comunidades autónomas limítrofes. Paradoxalmente, a porcentaxe de alumnos máis claramente descontentos coa burocracia en galego que esgrimen como argumento esta circunstancia non se sitúa na Politécnica, senón na especialidade de Filoloxía Xermánica da Facultade de Humanidades, na que é nula a presenza de alumnos de fóra. Postos a valorar este dato, cremos que posiblemente a excusa, en principio solidaria, “dos de fóra”, agache unha aversión persoal cara á normalización debida a outras causas menos “nobres”, e por isto mesmo susceptible de ser ocultada.

Tamén intentamos recadar información, por parte do alumnado, acerca da posibilidade de que algún dos sectores de falantes -de galego, de castelán- estea discriminado hoxe en Galicia. O sentir máis común indica que a comunidade discriminada é a dos galego-falantes (31,6% pensa así na Politécnica, 62,1% en Filoloxía Hispánica e 50% en Filoloxía Xermánica). Aínda así, tamén hai un elevado número de alumnos que considera que non existe discriminación de ningún tipo (54,9% na Politécnica, 37,9% en Filoloxía Hispánica, 35% en Filoloxía Xermánica). cómpre subliña-la existencia, ademais, dun relativamente elevado grupo de alumnos que se senten discriminados como falantes de castelán, aproximadamente un 15% dos alumnos enquisados na

Escola Politécnica e en Filoloxía Xermánica (en Filoloxía Hispánica non se deu esta resposta). Sen embargo, a súa entidade numérica é moito menor cá de calquera dos outros dous grupos.

Por último, intentamos ver cales eran as previsións de utilidade da lingua na súa futura vida profesional para cada un dos grupos de alumnos. Neste caso, cómpre ter en conta as especiais características de cada un dos ámbitos profesionais ós que se dirixe cada un dos tipos de titulados. Parece que este factor debería propiciar unha diferenza radical entre o ámbito da Politécnica e o das Filoloxías. Sen embargo, a valoración que cada grupo de alumnos fai parece transparentar máis ben a súa propia ideoloxía lingüística. Así, na Politécnica a maior parte do alumnado (54,3%) considera moi útil o galego, probablemente porque prevé un importante contacto co sector primario á hora de desempeña-la súa profesión. Paradoxalmente, esta porcentaxe elévase a case un 60% no caso de Filoloxía Hispánica, e redúcese profundamente, ata un 20%, no caso de Filoloxía Xermánica. A interpretación destes datos podería indicar, ó noso modo de ver, que a valoración da utilidade da lingua na profesión faise máis ben desde unha perspectiva ideolóxica, e non a partir dunha análise obxectiva e desapaixonada da cuestión. Isto é claro, para nós, á hora de explica-las diferencias entre os alumnos das dúas Filoloxías, especialmente se temos en conta o feito de que as expectativas profesionais (docencia) son case idénticas para ámbolos colectivos. O elemento de maior importancia que cómpre destacar nesta pregunta é a presenza, nas tres especialidades, dunha importante porcentaxe -entre un 40% na Politécnica e en Filoloxía Hispánica e un 60% en Filoloxía Xermánica- de alumnado que non considera indispensable nin esixible o galego. Este dato desfavorable pode deberse á actitude negativa diante, por exemplo, de probas eliminatorias de lingua galega en distintos procedementos selectivos, que os rapaces temen, visto a súa confesada dubidosa competencia lingüística. O temor á obrigatoriedade deste esforzo adicional puido ser, ó noso modo de ver, o que disparase este dato negativo, cando a tónica xeral é positiva.

6 ► Conclusións

Como primeiro apuntamento, cómpre destaca-lo feito de que non estamos diante dun alumnado entusiasmado pola posibilidade de galeguiza-la universi-

dade, e así se desprende da abundante presenza do factor 'indiferencia' nas distintas preguntas da enquisa. Sen embargo, temos que indicar que esta mesma indiferencia non é en si mesma un factor negativo nas nosas conclusións. En efecto, pretendíamos medi-lo grao de certeza desa impresión tan xeneralizada no profesorado segundo a cal o aumento da docencia en galego sería fortemente contestado. As conclusións que podemos extraer do noso estudio son totalmente contrarias a esta impresión. En realidade, o alumnado non parece temeroso por esta cuestión, aínda que si constata que a súa menor competencia en galego -producto quizais de déficits formativos atribuíbles á etapa de Ensino Obrigatorio) pode poñer barreiras engadidas en determinadas materias.

En canto ós grupos máis claramente opostos á integración do galego como lingua da docencia, en ningún dos centros e especialidades dos que recadamos información sobrepasan o 15% do total de alumnos enquisados. Esta porcentaxe vese, ademais, compensada por outro paralelo 15% que demanda unha integración maior da lingua no ensino universitario. Cremos que, se as dificultades que os alumnos observan na docencia en galego se deben a cuestións puramente lingüísticas, resultaría doado proporcionarlles ós colectivos que se sintan prexudicados algún tipo de apoio extraordinario, especialmente a través das titorías e dos servizos de normalización lingüística da Universidade. Se non hai prexuízos lingüísticos doutro tipo, este reforzo supliría con éxito, cremos, calquera tipo de déficit que se puidese producir.

Por outra banda, parece que existen notorias diferencias entre centros, e mesmo entre especialidades, á hora de os alumnos valoraren dunha maneira ou outra a presenza do galego como lingua vehicular. En termos globais, parece clara a forte personalidade do campus de Lugo fronte ó de Santiago. Esta especificidade vén marcada por circunstancias contradictorias: por unha banda, unha porcentaxe extraordinariamente alta dos alumnos do mesmo proceden do medio rural ou do seu contorno; por outra, existe unha presenza relativamente elevada de alumnos procedentes de fóra da Comunidade Autónoma. A primeira circunstancia ten, ó noso modo de ver, un peso considerablemente maior cá segunda, á luz das respostas dos rapaces.

En calquera caso, cremos necesario facer un estudio individualizado das características de cada centro -e mesmo de cada especialidade- dos que conforman a Universidade de Santiago. Este estudio

serviría, posteriormente, para deseñar estratexias individualizadas e axeitadas ás necesidades de cada centro para a integración da lingua propia como lingua vehicular do ensino. A este respecto, cremos que nos tres colectivos de alumnos estudados sería doado establecer unha gradación xerárquica, de maior a menor tendencia favorable á presenza do galego como vehicular: a ordenación colocaría en primeiro lugar ós alumnos da Escola Politécnica, con porcentaxes sorprendentemente altas na demanda de maior presenza da lingua no ensino; en segundo termo, situaríase a licenciatura en Filoloxía Hispánica da Facultade de Humanidades; o último chanzo sería ocupado polos alumnos de Filoloxía Xermánica, os que maior rexeitamento á presenza do galego amosan. Non sería difícil, cremos, relacionar estas preferencias cun perfil sociolóxico característico dos rapaces que optan por unha ou outra especialidade.

Por último, queríamos destacar unha vez máis as carencias do noso traballo. Faltan datos de importancia, e que nos permitirían completar esta visión das posibilidades do galego como lingua vehicular na Universidade. En primeiro lugar, cómpre indicar que a actividade académica non se limita á impartición de clases e á realización de exames, senón que habería que estudar tamén a lingua en que se realizan os intercambios orais entre profesor e alumno dentro e fóra das aulas, a que se emprega preferentemente para a elaboración de traballos, a utilizada nas actividades extraescolares, etc. Ademais, hai que ter en conta que existen outros colectivos implicados na vida universitaria: os P.A.S., por exemplo. Un estudio máis rigoroso có que nós propoñemos tería que incluír tamén os usos lingüísticos e a receptividade cara á nosa lingua deste colectivo, así como doutros máis que poderían estar implicados. En calquera caso, cremos que o panorama xeral acerca da cuestión, se ben non é plenamente positivo, é tamén susceptible dunha lectura en clave de esperanza. A decisión está, coma case sempre, en mans dos profesores.